



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación infantil

Materia	Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación infantil			
Código	O05G110V01103			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a	Alonso Ferreiro, Almudena			
Profesorado	Alonso Ferreiro, Almudena García Fuentes, Olalla			
Correo-e	almalonso@uvigo.es			
Web	<a href="http://http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/graoedinfantil/titorias?ficha_profesor=143">http://http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/graoedinfantil/titorias?ficha_profesor=143</a>			
Descrición xeral	<p>Esta materia cumpre un papel fundamental derivado do seu carácter instrumental e formativo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ten un carácter instrumental porque traballa as competencias necesarias para o manexo das tecnoloxías como ferramentas para a busca, o tratamento, a organización e a representación da información. Neste senso, serve de apoio a outras materias do plano de estudos</li> <li>- Ten un carácter formativo porque ofrece unha nova visión de cómo ensinar e cómo aprender na escola (etapa 0-6) dentro da sociedade da información e o coñecemento. Nesta materia terás a oportunidade de coñecer, analizar e valorar cal é o novo papel do profesor, dos alumnos e dos elementos que configuran o acto didáctico, cal é a nova maneira de ensinar e aprender en educación infantil coa tecnoloxía. Así coñecerás, entre outras cousas, novos recursos didácticos con base tecnolóxica, cómo deseñar e elaborar materiais didácticos empregando a tecnoloxía, qué estratexias de traballo empregar coas novas tecnoloxías na escola,...</li> </ul> <p>Por último, como mestre será necesario que sexas capaz de axudar aos nenos e nenas de 0-6 anos a desenvolverse neste novo entorno tecnolóxico pero cunha visión crítica e reflexiva, que lle permita descubrir nas tecnoloxías unha ferramenta non só para o ocio e o tempo de lecer, senón tamén para a súa formación como parte dunha cidadanía libre e responsable.</p>			

## Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
CG2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva

CG3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
CG4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
CG5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
CG6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
CG7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.
CG8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia
CG9	Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
CG10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
CG11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
CG12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
CE10	Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.
CE13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e intergeneracionais; multiculturalidad e interculturalidad; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sostenible.
CE14	Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar.
CE25	Abordar análise de campo mediante metodoloxía observacional utilizando tecnoloxías da información, documentación e audiovisuais.
CE28	Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas de innovadoras en educación infantil.
CE29	Valorar a importancia do traballo en equipo
CE33	Coñecer os fundamentos científicos, matemáticos e tecnolóxicos do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes .
CE41	Fomentar experiencias de iniciación ás tecnoloxías da información e a comunicación.
CE50	Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
CE57	Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas.
CE61	Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e, en particular, de ensino e aprendizaxe mediante o dominio de técnicas e estratexias necesarias.
CT1	Capacidade de análise e síntese
CT2	Capacidade de organización e planificación
CT3	Comunicación oral e escrita
CT4	Coñecemento de lingua estranxeira
CT5	Coñecemento de informática
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Resolución de problemas
CT8	Toma de decisións
CT9	Traballo en equipo
CT12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
CT13	Razoamento crítico
CT14	Compromiso ético
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT16	Adaptación a novas situacións
CT17	Creatividade
CT21	Motivación pola calidade

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe

Competencias

- Analizar o contexto da actual sociedade da información e reflexionar sobre a nova contorna social e educativa que xeran as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TICs), dando lugar á necesidade de adquirir novas competencias persoais e profesionais en Educación Infantil.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG2 CG3 CG4 CG5 CG6 CG8 CG9 CG10 CG11 CG12	CE13 CE14 CE28 CE29 CE33	CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT21
- Familiarizarse cos marcos lexislativos que regulan a contorna dixital e coñecer a lexislación aplicable ao uso das novas tecnoloxías na educación infantil	CB5	CG1 CG2 CG3 CG7 CG9 CG12	CE25 CE29 CE33	CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT21
- Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas	CB3 CB5	CG11	CE25 CE41 CE50 CE57 CE61	CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT21
- Adquirir conceptos teóricos e habilidades prácticas para o emprego de habilidades que faculthen ao alumno no manexo e aplicación dos novos medios tecnolóxicos e dixitais na súa formación continuada e o exercicio profesional	CB2 CB4 CB5	CG3 CG7 CG9 CG10 CG11 CG12	CE10 CE29 CE41 CE57 CE61	CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT21

- Ser quen de buscar, seleccionar e avaliar ou deseñar e construír materiais didácticos en soporte tecnolóxico adaptados ás características do alumnado e dos contidos de aprendizaxe, así como de realizar unha proposta didáctica de integración curricular en contextos específicos.	CB3 CB4 CB5	CG1 CG2 CG3 CG7 CG9 CG10 CG11	CE25 CE28 CE29 CE41	CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT21
- Identificar puntos fortes e febles nos materiais dixitais avaliando e determinando as súas posibilidades de integración nos procesos de ensino-aprendizaxe.				CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT21
- Integrar os novos medios de comunicación nos procesos de ensino-aprendizaxe.	CB5	CG3 CG7 CG9 CG10 CG11 CG12	CE41 CE50 CE57 CE61	CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT21
- Afrontar a produción e adaptación de materiais e recursos tecnolóxicos de forma creativa e innovadora axustándose ás necesidades de contornas específicas.	CB4 CB5	CG11	CE28 CE41 CE50 CE57 CE61	CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT21

- Desenvolver as capacidades de colaboración, participación activa e traballo en equipa como instrumentos básicos da formación como futuros docentes, e tomar conciencia de que o traballo é unha labor de equipa.	CB2 CG4 CE29 CT1 CB5 CG5 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT21
--	--

- Traballar autónomamente, cun posicionamento académico e unha actitude investigadora ante os procesos educativos en xeral e a educación virtual ou e-learning, en particular.	CB5 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT21
--	--

## Contidos

Tema	
Tema 1: Recursos, novas tecnoloxías e tecnoloxías da información e comunicación na educación.	1.0. As TIC na sociedade da información 1.1. Alfabetización tecnolóxica e competencia dixital 1.2. Impacto social e educativo da cultura audiovisual e dixital 1.3. Papel dos centros educativos na sociedade da información 1.4. A integración das TIC en contextos educativos: - Factores que inflúen na súa integración - Perspectivas curriculares e modelos de integración das TIC - Proxectos europeos, nacionais e galegos de implantación das TIC nos centros
Tema 2: Emprego das principais ferramentas de internet.	2.0 Recursos web para a educación 2.1. Ferramentas de comunicación en educación 2.2. Aplicacións educativas da Web 2.0 2.3. Metodoloxías de traballo con Internet na aula: webquest, cazas do tesouro... 2.4. Novas posibilidades educativas e desafíos na rede: - Seguridade da infancia en Internet - Entornos virtuais de ensinanza-aprendizaxe - Traballo colaborativo con TIC - Realidade aumentada

Tema 3: Aplicación didáctica, organizativo-administrativa y de ocio de las nuevas tecnologías en la educación.

- 3.1. A linguaxe audiovisual e os medios de comunicación de masas:
  - Lectura de imaxes. A imaxe dixital.
  - A televisión e a publicidade na aula.
  - Outros medios de comunicación de masas na aula
- 3.2. Utilización educativa do vídeo e do cine:
  - Funcións do vídeo na ensinanza
  - Metodoloxía, uso e explotación didáctica dos vídeos
  - Integración do cine en educación
- 3.3. Inclusión educativa con apoio das TIC:
  - As tecnoloxías de apoio a diversidade: tipoloxías e funcións.
  - Criterios para a súa inclusión no curriculum.
  - Ventaxas e criterios para o uso das TIC na inclusión do alumnado.
- 3.4. Novos recursos TIC para os procesos de ensino- aprendizaxe:
  - Do libro de texto ao libro dixital
  - Metodoloxía de traballo coa pizarra dixital interactiva (PDI) na aula
  - Espazos TIC: aula de informática, ordenador na aula ou aprendizaxe ubicua
  - Videoxogos e gamificación para o ensino
- 3.5. A avaliación e a titoría a través das TIC :
  - O portafolio e a rúbrica para a avaliación e seguemento de aprendizaxes
  - A acción titoría mediada por TIC
- 3.6. m-learning (mobile learning) e o movemento BYOD (Bring Your Own Device) nos centros educativos.
- 3.7. Recursos multimedia para a educación:
  - Concepto, clasificación e características dos multimedia educativos
  - Funcións e orientacións para o uso didáctico do multimedia educativo
  - Selección e avaliación de multimedias educativas
  - Deseño e elaboración de materiais didácticos multimedia
- 3.8. Robótica e impresoras 3D en Educación Infantil

## PARTE PRÁCTICA

Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia. Desenvólvense a través das TIC de xeito autónomo en espazos especiais con equipamento especializado. As prácticas, que se concretarán na primeira semana de clase en función dos coñecementos previos dos alumnos e a dispoñibilidade de recursos, serán proxectos de traballo individuais ou en pequeno grupo e xirarán en col dos temas abordados na teoría, e ao redor dos seguintes eixos:

1. Ferramentas para o traballo colaborativo en rede.
2. Análise e selección de materiais e recursos educativos en formato dixital
3. Planificación e deseño de materiais e recursos educativos en formato dixital
4. Ferramentas para a titoría, xestión e organización do centro e aula.
5. Revista escolar
6. TV e radio escolar
7. Dispositivos móbiles na aula (tablets, smartphone, iPod...) e BYOD
8. Protección de datos e seguridade da infancia en Internet
9. Realidade aumentada
10. Libros electrónicos
11. Stop-motion
12. Mapas sonoros xeo-referenciados
13. Robótica en educación infantil
- 14 Calquera outro relacionado coa materia e previamente negociado coa profesora

O produto final será un E-PORTFOLIO que se elaborará ao longo do cuadrimestre e que deberá conter, entre outros, a colección ou recompilación en formato dixital de cada unha das tarefas e reflexións que cada alumno irá ensamblado, mantendo e coidando.

O resultado final da parte práctica será defendido oralmente ao final do cuadrimestre.

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	1	5	6
Seminario	2	5	7
Prácticas con apoio das TIC	30	45	75

Aprendizaxe-servizo	0	5	5
Lección maxistral	16.5	16.5	33
Cartafol/dossier	2	14	16
Exame de preguntas obxectivas	1	7	8

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	O alumnado desenvolve exercicios ou proxectos vinculados a cada un dos temas.
Seminario	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. Van encamiñadas a guiar todo o proceso de aprendizaxe proporcionando documentación, resolvendo dúbidas, orientando traballos, corrixindo propostas, etc.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia. Desenvólvense a través das TIC de forma autónoma. A última práctica consistirá na exposición e defensa dos traballos desenvolvidos.
Aprendizaxe-servizo	O ApS (Aprendizaxe-Servizo) é unha metodoloxía de ensino e aprendizaxe grazas á cal o alumnado pon en práctica coñecementos e desenvolven habilidades e actitudes mediante un servizo á comunidade. Combina dous elementos: aprendizaxe a través da experiencia e o servizo á comunidade. A participación neste proxecto será voluntaria. Formará parte da avaliación da materia para quen participara no mesmo
Lección maxistral	Exposicións sobre contidos da materia, bases teóricas e/ou directoras dun traballo, exercicio ou práctica a desenvolver individual ou en grupo.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Atenderanse as demandas puntuais que presente o alumnado de forma personalizada ou grupal. Ofreceranse as directrices e supervisión oportuna para o desenvolvemento da aprendizaxe, vinculando coa actividade autónoma do estudante. Esta atención personalizada ó alumnado tamen se realizará a través de: -Titorización presencial: No despacho do profesorado ou por teléfono en horario de titorías. - Titorizacións vía correo electrónico: para atender a incertidume e dúbidas urxentes sobre a realización dos traballos, actividades, exames, etc. - Teleformación coa plataforma Fatic: para comunicados/avisos, entrega de documentos/materiais, envío de actividades/exercicios, etc.
Prácticas con apoio das TIC	Para profundizar ou aclarar cuestións de tipo práctico vencellados á materia.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Realización de actividades de tipo teóricas.	10	CB1 CG1 CE10 CT1 CB2 CG2 CE13 CT2 CB3 CG3 CE14 CT3 CB4 CG4 CE25 CT4 CB5 CG5 CE28 CT5 CG6 CE29 CT6 CG7 CE33 CT7 CG8 CE41 CT8 CG9 CE50 CT9 CG10 CE57 CT12 CG11 CE61 CT13 CG12 CT14 CT15 CT16 CT17 CT21

Prácticas con apoio das TIC	Presentación/exposición I: Producción das actividades prácticas de laboratorio. Proceso de elaboración colaborativo	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG2 CG3 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CG10 CG11 CG12	CE10 CE13 CE14 CE25 CE28 CE29 CE33 CE41 CE50 CE57 CE61	CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT21
Cartafol/dossier	Presentación/exposición II: Resultados das actividades prácticas de laboratorio en formato e-portfolio (reflexión). Inclúe a defensa e a exposición do produto final.	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG2 CG3 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CG10 CG11 CG12	CE10 CE13 CE14 CE25 CE28 CE29 CE33 CE41 CE50 CE57 CE61	CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT21
Exame de preguntas obxectivas	Probas tipo test sobre os contidos teóricos da materia.	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG2 CG3 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CG10 CG11 CG12	CE10 CE13 CE14 CE25 CE28 CE29 CE33 CE41 CE50 CE57 CE61	CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT21

### Outros comentarios sobre a Avaliación

- Para superar a materia é necesario ter unha puntuación mínima na teoría (2 puntos sobre 4, sendo necesario un mínimo de 1,5 no exame) e nas prácticas (3 puntos sobre 6). As competencias non adquiridas na convocatoria de xuño serán avaliadas na de xullo e, de non superarse, non se gardarán as notas para o curso seguinte.

- Para ser calificados/as a través da avaliación continua requírese a asistencia do alumnado, ó menos, ó 80% das sesións prácticas e teóricas respetivamente. Outras situacións excepcionais que merezan un trato específico analizaranse no seu momento.

- As datas de realización do exame final-oficial, que realizará obrigatoriamente o alumnado non asistente para superar a materia serán as que figuran no calendario de exames da Facultade.

- O lugar de publicación das cualificacións e da revisión será no taboleiro de anuncios do despacho do profesorado responsable e/ou na Plataforma Tema-Faitic ou en calquera outro espazo dixital que se lle especifique. Se o alumno/a non o especifica durante a primeira semana de clase, enténdese que da o seu permiso para que os seus datos (nome completo e DNI) aparezan nos listados de notas, tanto en Faitic como noutro espazo. A data de revisión será a publicada pola facultad ou no seu defecto polo profesorado.



- Segundo a normativa vixente, con independencia da súa asistencia ou non as clases, o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación.

Na Web da Facultade pódese consultar día/hora/lugar do examen (apartado *datos exames*).

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Raposo-Rivas, M.; Cebrián de la Serna, M., **Tecnoloxías para la formación de educadores en la sociedad del conocimiento**, Pirámide, 2020

Cebrian De la Serna, M.; Gallego Arrufat, M.J., **Procesos educativos con TIC en la sociedad del conocimiento**, Pirámide, 2011

### **Bibliografía Complementaria**

Martínez Figueira, M.E. (coord), **TIC para a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**, Universidade de Vigo, 2013

Raposo Rivas, M., **Novas tecnoloxías aplicadas a educación: aspectos técnicos e didácticos**, Universidade de Vigo, 2002

Raposo Rivas, M. e Martínez Figueira, M.E. (coord), **As TIC e as súas aplicacións na aula: misión posible**, Toxosoutos, 2012

Romero Tena, R.; Gutiérrez-Castillo, J.J. e Puig Gutiérrez, M., **Libro de actas del I Congreso Internacional de Innovación y Tecnología Educativa en Infantil (CITEI 16)**, 2016

---

## **Recomendacións**

### **Outros comentarios**

RECOMÉNDASE: 1) Asistencia continua ás sesións de teoría e prácticas. A asistencia considérase fundamentalmente para o seguimento da materia por parte do alumnado e para a avaliación, por parte dos docentes, do grao de desenvolvemento das capacidades instrumentais e procedimentais. Máis de 3 faltas supón a presentación obrigatoria do alumno/a ao exame práctico da materia. 3 ou menos faltas terán que recuperarse do modo acordado coa profesora. 2) Dominio da informática a nivel usuario, o que supón o manexo de aplicacións de carácter xeral (por exemplo, un tratamento de textos, unha base de datos e un programa de presentacións), do correo electrónico e Internet. 3) Actitude favorable e receptiva para a experimentación e exploración das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías no eido educativo. 4) Que o alumnado non asistente o comunique o antes posible para determinar as alternativas metodolóxicas e de avaliación que se van seguir. 5) Emprego efectivo e ético da tecnoloxía móbil na aula. 6) Dispor de conta en Gmail e Uvigo 7) Dispor de conta en Dropbox

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo no que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

Outras modificacións:

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo, sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, mantéñense, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual. Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:

Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional

Non hai.

---